

Mércores, 12 de abril de 2023

Núm. 70

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAÑIZA, A

Subvencións e axudas

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONTRATACIÓN SOCORRISTAS 2023

O Concello de A Cañiza presentou solicitude de subvención ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a contratación de 3 traballadores desempregados por medio da Orde de subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. publicada no DOG nº 56 de data 21 de marzo de 2023.

Tal e como dispón a normativa de referencia, os/as candidatos/as interesados/as en participar no procedemento de selección, deberán ser remitidos/as como consecuencia do resultado da oferta de emprego emitida polo Concello de A Cañiza, e tramitada na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia sita no Termo Municipal. O ámbito de búsqueda da oferta de emprego é o municipal.

Por medio deste Proxecto, denominado "Persoal de Socorrista en Piscinas Públicas", se solicitou a subvención para a contratación de 2 persoas desempregadas, coa ocupación características expostas a continuación:

- 3 Socorristas-Bañistas, por un período de contratación de tres meses, a xornada completa (CNO: 59.921.017).

O procedemento de selección se iniciará unha vez se reciba a Resolución positiva concedente da subvención de referencia, e o persoal será contratado coas características establecidas na mesma.

As bases específicas do procedemento poderán consultarse, unha vez se inicie o procedemento de selección, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello e no taboleiro de anuncios da páxina WEB oficial do Concello da Cañiza, sito na sede electrónica e con dirección <https://caniza.sedelectronica.es>. Estes serán os principais medios para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do procedemento selectivo.

E para que conste aos efectos de publicidade da convocatoria sobre os procedemento de selección de referencia motivo do mesmo, se firma dixitalmente á marxe.

O Alcalde: Luis Antonio Gómez Piña.

